

Resumo de xestións realizadas, primer semestre 2022

Xestións varias:

➤ Elaboración de dossier, é presentado ante a Comisión de Goberno, con rexistro de entrada 253, no que reseñábase as necesidades e melloras para humanizar os nosos barrios consistentes en:

- Continuamos solicitando a actuación urxente de mellora da seguridade viaria na estrada de titularidade da Deputación EP-1002, entre a Magdalena e Herbelo con dotación dunha beirarrúa regulamentaria e a urbanización dos enlaces cos barrios.

A laboura das 4 asociacións deu como resultado que fomos recibidos polo Delegado de infraestructuras da Deputación, no que se nos indicou a súa predisposición a realizar dita obra en 3 tramos, séndonos presentado un proxecto do 1º tramo (Magdalena ao Piñeiro), estase traballando co Concello para axilizar o máximo.

- Solicitamos o mantemento e dotar de mobilidade a Avda. da Coruña, para favorecer que a veciñanza poida transitar con seguridade pola mencionada rúa, e mais para os que teñen problemas de mobilidade ou minusvalía.

Mantida reunión co Delegado provincial da Xunta, comprometéndose en realizar traballos nas beirarrúas para que as persoas con mobilidade reducida poidan transitar.

- Solicitamos unha mellora da seguridade viaria da Avda. de Lugo, para que se dotara a esta beirarrúa do ancho suficiente, que permita os peóns transitar por ela con seguridade, protexendo con elo os colectivos máis vulnerables, polo perigo que supón para a veciñanza e transeúntes o ancho desta beirarrúa. Foi aprobado proxecto pola Deputación e está pendente de execución.

Ante a nosa solicitude a Deputación realizou proxecto para dotala de beirarrúas en ámbolos dous sentidos, pendente de acometer a obra debido a que Fenosa ten que retirar un poste.

- Solicitamos que se complete a totalidade dos tramos que faltan de beirarrúa na rúa Ensinanza.

- Solicitamos que se realicen os traballos previos de acondicionamento e asfaltados de varias rúas, aportacións o Plan Concellos.

- Realizamos innumerables xestións para poder contar con cobertura por Fibra Óptica, na totalidade do vecindario.

Temos que recoñecer que nos sentimos impotentes a pesar de todos os intentos, continua a negativa de telefónica a despregala (co beneplácito das administracións), presuntamente no ano 2023 poderemos acceder, nos seguiremos intentándoo.

- Solicitamos limpeza e arranxos nas fontes e lavadoiros:

- De Nacedoiro (ou do Cano), solicitude de limpeza e desbroce, realizar canalización e formigonado do acceso, e realizar tamén proxecto para a recuperación do lavadoiro.

- Do da Regueira, *continúan as anomalías, e o seu deterioro e evidente pola falta de limpeza e mantemento.*

- Do resto solicitamos a súa limpeza (desbroce) acondicionamento e mantemento.

- Solicitamos os cambio dos alumeados por outro mais eficiente (led).

Se está realizando, ten previsto rematarse no mes de xullo.

Tamén realizamos solicitudes de inclusión de novos puntos.

- Solicitamos manter limpas as rúas, canalizacións e beirarrúas no noso ámbito.

Consideramos que a laboura do Concello neste sentido e moi deficiente.

- Solicitamos a reposición de equipamentos e efectuar o mantemento necesario dos parques infantís, para deixalos operativos e sen perigo para quen o utilicen. En canto a limpeza, entendemos que os xardineiros do Concello polo menos una vez cada 2 mes poden pasarse para mantelos limpos (que non só limpen o casco urbano).

- Solicitamos dotar de Seguridade e Mobilidade de varias rúas.

- Solicitamos as limpezaas varias de fincas, no noso ámbito.

Temos que recoñecer que os resultados son escasos.

- Solicitamos recollidas de augas en varias rúas do nos ámbito.

- Solicitamos o arranxo, reposición ou colocación de marquesinas

- Solicitamos o mantemento de lugares singulares (Cruceiros)

Outras Xestións:

- Notificación a Xunta de sinalización caída na Avda. da Coruña cruce rúa Ensinanza. *Arranxada.*

- Notificar Concello e UTE, problema con reixas na baixada da rúa Choupana, cruce Ada de Vigo. *Arranxada.*

- Notificado afundimentos en camino Cima de Vila interior, fugas de augas pluviais e residuais.
- Xestións coa Alcaldía para conseguir o saneamento na rúa Choupana e Avda. da Coruña (interiores)
- Reunións co Concello para aportar na elaboracións ao Plan de mobilidade (PMUS).
- Notificado o Concello fuga de auga nos pilóns e na canalizacións do lavadoiro do Ouro.
- Reunións con todos os partidos políticos para facerlle chegar a nosas propostas para incluír no Plan Concellos.
- Solicitar o resultado das analíticas das fontes públicas.
- Notificar o perigo de electrocución en varias farolas.
- Participar na defensa da sanidade Pública, asistindo a reunións coa voz da Sanidade, e participando en concentracións e manifestacións.
- Notificar Concello e UTE, problema con alcantarillado na rúa Souto. *Arranxada.*
- Realizar solicitude de axuda a Xunta (PR-487A), para dotarnos de medios informáticos, que nos permitan realizar mellor a nosa laboura.
- Reunión coa Comunidade de Montes de Darbo, para abordar problemas comúns.
- Notificar, que a sinalización na rúa Rochido, atopase caída e só sinala un tramo.
- Solicitude de alumeado na rúa Rochido.
- Notificar, problema con canalización e baches na rúa Loureiro.
- Notificar, problemas de limpeza e desbroce na fonte e lavadoiro da Regueira.
- Notificar, problema de cableado eléctrico na rúa Rochido.
- Notificar, problema con alcantarilla na rúa ensinanza, cruce Avda de Vigo. *Arranxada.*
- Semáforo na Avda da Coruña, xunto Anuska. *Arranxado.*
- Notificar afundimento, rúa Palomar
- Notificar bache, rúa Escote
- Notificar problema de augas residuais en rúa Ramal do Paraíso.
- Solicitar colocación de reixa en rúa Ramal do Paraíso, para recoller augas pluviais.
- Participar en concentracións ante entidades bancarias, en colaboración con asociacións de pensionistas.
- Notificar necesidade de podas en ámbitos da asociación.
- Notificar burato en rúa Enxerto, xunto río. *Arranxado.*
- Reunións con vecinos e coa Alcaldía pola pista de Skate no Choupana. *Acordo de non executarse e que os vecinos nos van facer chegar propostas de utilización dese espazo.*
- Notificar fuga augas na rúa Andias. *Arranxado.*

- Notificar fuga augas na rúa San Pedro. *Arranxado.*
- Notificar semáforo roto por accidente, xunto o Galas. *Arranxado.*
- Visita con responsables UTE gestión Cangas, para ver posibilidades de acometer o saneamento e o abastecemento de auga na rúa Choupana (zona interior).
 - Reunión co responsable eléctrico para facerlle chegar necesidades de novos alumeados.
 - Notificado problema de auga abastecemento turbia na zona do Palomar. *Arranxado.*
 - Participar en xornada sobre “nos os eólicos”
 - Reunión con veciñanza e con UTE gestión Cangas, para ver posibilidades de acometer o saneamento na Avda. da Coruña (zona interior).
 - Aviso a Sesteiro por cable TV colgado.
 - Contactos con Aliseda e Banco Santander para abordar posibilidade de local social da Asociación en rúa Ensinanza.
 - Notificado problema de baldosas levantadas en rúa Castiñeiros
 - Notificado problema de poste de telefonía inclinado e suxeito por cable teléfono.
 - Solicitud de arranxo lavadoiro e fonte do Souto.
 - Despois de 10 anos, por fin *colocado espello no cruce rúa Rocha, estrada Herbello a Magdalena.*
 - Notificado problema de burato de canalizacións augas pluviais rúa Souto, cruce rúa Regueira. *Arranxado.*
 - Notificado problemas de fugas de augas fecais en rúa Torre. *Arranxado.*
 - Notificado problemas de fugas de augas fecais en rúa Ramal do Paraíso.
 - Solicitar colocación lombos rúa Monte Carrasco (a petición Colexio María Soliño).
 - Notificado problema de poste telefonía caído en rúa Enxerto.
 - Contactos con Naturgy para abordar posibilidade de local social da Asociación, en antigas vivendas de traballadores de Fenosa.
 - Solicitar presupostos para a limpeza dos parques infantís e dos cruceiros.
 - Notificado problema de burato con fuga de augas fecais en rúa Toxeira *Arranxado.*
 - Notificado problemas de columpios en mal estado en parque infantil de San Pedro.
 - Solicitado sinais de redución de velocidade na rúa Toxeira e San Pedro.
 - Solicitud de retirada de soportes metal, por perigo en rúa Andias.
 - Retirada de sinal en rúa Ensinanza, travesía a Avda da Coruña.
 - Pintado no chan a rotonda e as liñas de sinalización na rúa Ensinanza
 - Colocada sinal de ceda o paso na rúa Ensinanza.
 - Colocado espello en saída de aparcadoiro na rúa Ensinanza.
 - Xestións varias a medioambiente, por limpeza de fincas.
 - Xestións varias co Concello, para solucionar os problemas de alumeado.

➤ Solicitudes varias de recollida de materias varios e lixo depositados preto dos recipientes de lixo.

➤ Reunións varias coa Alcaldía, temas tratados:

- Solicitamos as actuacións necesarias para a mellora da seguridade viál na estrada de titularidade da Deputación EP-1002, ante a proposta da Deputación para que se axilixen os procedemnetos.

- Solicitamos apoio para que a Xunta realice as actuacións necesarias para o mantemento e dotar de mobilidade a Avda. da Coruña, para favorecer o transito con seguridade, e mais para os que teñen problemas de mobilidade ou minusvalía.

- Solicitamos información sobre as actuacións na mellora da seguridade viaria da Avda. de Lugo, que tiña prazo de execución novembro 2021.

- Solicitamos a súa intervención para solucionar as deficiencias da fonte e lavadoiro da Regueira, e que se realice un proxecto para o formigonado da rúa Regueira, segundo o establecido na execución do aval bancario.

- Solicitamos que se tomen as medidas necesarias para dotar de seguridade a saída da rúa Lisboa a Avda. de Vigo.

- Solicitamos a súa intervención para solucionar o arranxo, o saneamento na rúa Choupana (interior).

- Solicitamos que busque unha solución a problemática para a utilización do local de ensaios de Cima de Vila.

- Solicitamos una solución para a iniciativa de construción dunha pista de Skate na Choupana.

- Solicitamos una solución ao muro na rúa Serra Nacente, pois na solicitude feita a AGADER, non está previsto.

- Solicitamos que se nos entregue o resultado das analíticas das augas das fontes públicas do noso ámbito.

- Solicitamos a entrega das chaves das fontes do Enxerto e da Regueira

➤ Reunións varias con Obras e Servizos:

- Solicitamos que se manteñan limpos os parques infantís e os cruceiros.

- Solicitamos que se manteñan limpos as fontes públicas e os lavadoiros, facendo fincapé no mal estado do entorno da Regueira e o imposible acceso o do Nacedoiro.

- Solicitamos que se desbrocen os camiños, reiterando que algúns deles levan 3 anos sen efectuar desbroces, facendo tamén fincapé nas canalizacións que se atopan atascadas.

